




## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN (Xaneiro - Marzo 2012)

#### **A pensión Eva, de Andrea Camilleri**

Aos máis dos seus oitenta anos, Camilleri presenta unha novela breve, de desbordante humanidade, que narra a iniciación sentimental e sexual de Nenè, un personaxe "autobiográfico nun oitenta por cento" que vive en Vigàta, a pequena e idade siciliana que Camilleri imaxinou para as aventuras do seu famoso comisario Montalbano.




#### **El Gatopardo, de G. Tomasi de Lampedusa**

Única novela escrita polo aristócrata Giuseppe Tomasi de Lampedusa (e publicada con posterioridade á súa morte) que narra as vicisitudes da familia do príncipe Fabrizio Salina, inmersa no tradicional inmovilismo das clases acomodadas de Sicilia, no medio das revoltas garibaldinas que axitaban ao resto da nación.

#### **La verdad sobre el caso Savolta, de Eduardo Mendoza**

O industrial catalán Savolta, dono dunha empresa que vendéu armas aos aliados durante a Primeira Guerra Mundial, é asesinado. Radiografía da sociedade barcelonesa de 1917 que amosa o descontento da clase obreira, as revolucións anarquistas, a corrupción e a miseria das rúas contraposta á opulencia burguesa.



#### **Seda, de Alessandro Baricco**

Seda é a historia de Hervé Joncour, lacónico e sombrío personaxe que percorre o mundo na procura dun exótico cargamento. Ata que un día regresa cunha carga aínda máis delicada, a duns ollos perfectamente mudos que se cruzan cos seus.

#### **Trópico de Cáncer, de Henry Miller**

Sempre afastado dos cánones pre-establecidos, Henry Miller describe dun xeito detallado e tintes autobiográficos as vivencias dun escritor bohemio entre as capas máis baixas de París, cidade que o autor coñeceu na época da Gran Depresión. É a primeira novela de Henry Miller e xa o situa na estela de Walt Whitman e Toureau, aínda que foi considerada – no seu tempo – unha atrocidade inmoral en círculos conservadores.

